

BASES DA CONVOCATORIA DA 1ª EDICIÓN DO CONCURSO "O NOSO CANTO: MÁIS VOCES, MÁIS IGUALDADE"

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional convocan neste 2026 a 1ª edición do concurso "O noso canto: máis voces, máis igualdade".

O presente concurso ten como obxectivo continuar unindo voces ao **"O noso canto: xuntas resoamos máis fortes"** unha obra musical que naceu con motivo do 8 de marzo de 2025 da unión de dúas cancións, "Latexo" e "Aperta", de distintos estilos, interpretada por artistas con distintas traxectorias e idades, cada unha coa súa personalidade pero que cando esas dúas cancións se reproducían á vez xurdía unha nova canción "O noso canto". Con esta unión preténdese transmitir a idea de que cando o facemos á vez resoamos máis forte, cando mulleres e homes nos unimos de xeito interxeracional no feminismo e na loita pola igualdade de xénero, o camiño é máis sinxelo e transformador.

Máis información sobre "O noso canto" aquí: <https://www.onosocanto.gal/>

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade dentro dos centros educativos de Galicia a través da reflexión, a creatividade e a expresión artística ao redor do feminismo interxeneracional.

Este concurso pretende lograr que o canto pola igualdade sexa aínda máis forte, con novas voces, con novos xeitos de interpretala e tamén con novas fórmulas de expresar o que significa para as rapazas e os rapaces máis novos "O noso canto" e a súa letra. Será a través de dúas modalidades: unha musical, coa versión da canción, e outra gráfica para que o alumnado transmita plasticamente o que lle inspira a letra de "O noso canto".

BASES DO CONCURSO

1. Participantes

1.1 Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de infantil, primaria, ESO, bacharelato e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 En canto á participación do alumnado, haberá dúas modalidades:





- A modalidade musical: poderá realizarse individualmente ou en grupo. Poderá participar parte ou todo o alumnado e profesorado do centro.
- A modalidade gráfica: poderá realizarse individualmente ou en grupo, a través de equipos constituídos por un máximo de 8 alumnos e alumnas.

1.3 Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas/mozos e mozas.

1.4 Os traballos deberán estar titorizados polo menos por unha ou un docente do centro, que guiará ao alumnado participante e procurará a finalidade educativa da actividade.

2. Modalidades e categorías de participación

2.1 Establécense dúas modalidades de participación con distintas categorías:

- Modalidade musical: versión da canción "O noso canto"
 - Unha única categoría na que poderá participar alumnado de diferentes cursos e sen límite de participantes.
- Modalidade gráfica: representación da letra de "O noso canto"
 - 1ª Categoría.- Alumnado de infantil , 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria.
 - 2ª Categoría.- Alumnado de 5º e 6º de educación primaria, de 1º, 2º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de educación especial.
 - 3ª Categoría.- Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.

2.2 Cada centro educativo poderá presentar só un traballo na modalidade musical e un só traballo en cada categoría da modalidade gráfica. Os centros que impartan distintas etapas educativas poderán participar en varias, sempre e cando propoñan un único traballo por categoría.

3. Temática, características técnicas e requisitos dos traballos

3.1 Modalidade musical

- A versión deberá partir da canción "O noso canto" da campaña do 8M. Poder ser interpretación vocal, instrumental, coral ou grupo. Terá unha duración máxima de 4 minutos
- A canción deberá ser versionada, cantada polo alumnado e o profesorado, e será a decisión do centro como abordala: voz, instrumentos, estilo, etc. **Deberá empregar a**





mesma tonalidade e letra que a orixinal. Non será válida unha proposta co “playback” da canción orixinal.

- **As pezas deberán presentarse en formato audiovisual (vídeo).** Admítense gravacións con dispositivos sinxelos (móviles, tabletas, cámaras escolares). Os formatos admitidos son: MP4, MOV ou AVI. A resolución mínima recomendada: HD (1280 x 720). A imaxe deberá permitir identificar correctamente a interpretación (non vídeos escuros ou inintelixibles). O son deberá ser claro e intelixible, aínda que non se require calidade profesional.
- No **Anexo I** está dispoñible a ligazón onde se poderá descargar a letra, a partitura da canción e a súa versión instrumental.

3.2 Modalidade gráfica

- As obras deberán representar que significa para o alumnado “O noso canto” no contexto da igualdade.
- cartel deberá incluír obrigatoriamente un lema en galego relacionado coa canción “O noso canto” e a súa letra.
- A técnica e o estilo dos traballos serán libres, debendo respectar as seguintes características:
 - Formato electrónico: JPG, PNG ou PDF.
 - Formato horizontal ou vertical, coas medidas DIN A 3 (42 por 29,7 cm).
 - A resolución mínima recomendada: 300 ppp.

3.3 Aspectos comúns a ambas modalidades

- Os traballos deberán presentarse en lingua galega e coidarán a calidade lingüística do produto final.
- Non poderán incluír en ningún caso o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que o titorizou nin o nome do centro educativo, así como calquera outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se consideren.
- Todos os traballos no seu conxunto, deberán ser orixinais e inéditos, non poderán incluír imaxes con dereitos de autoría e non poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais.
- Os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos previstos nestas bases quedarán excluídos do concurso. Tampouco serán tidos en conta aquelas obras cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización do profesorado do centro educativo.
- As pezas deberán ter un enfoque educativo, acorde á idade do alumnado participante, e non reproducirán estereotipos de xénero.
- envío da peza ou cartel implica a aceptación das condicións destas características técnicas e de contido.





- A organización poderá utilizar as pezas e carteis presentados con fins de difusión educativa e institucional, sempre sen ánimo de lucro e citando a autoría.

4. Prazo de presentación

Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web de Igualdade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ata o día **17 de marzo de 2026, ás 15:00 horas**.

5. Forma de envío dos traballos

5.1 O envío da proposta realizarase só en formato electrónico á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade obrigatoriamente antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes á seguinte dirección: concurso8m.igualdade@xunta.gal.

5.2 É imprescindible que se sigan as características técnicas especificadas nestas bases. Non serán admitidos os traballos que sexan recibidos con posterioridade a esa data e hora.

5.3 Os vídeos das pezas musicais deberán enviarse mediante ligazón de descarga (Drive, WeTransfer, XuntaArquivos, YouTube versión privada, etc.). O arquivo nomearase do seguinte xeito: Centro_Título da peza.

5.4 No envío deberá incluírse o traballo realizado ou ligazón de descarga e a ficha informativa, recollida como **Anexo II** a estas bases coa seguinte información:

- Modalidade e categoría na que participa.
- Na modalidade gráfica: nome e apelidos do alumnado autor.
- Etapa educativa e curso escolar.
- Docente/s que titorizou a obra.
- Nome do centro, enderezo completo, teléfono e correo electrónico.
- Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico.
- Memoria breve na na que se explique como se realizou e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da obra realizada (máx. 500 palabras).

6. Criterios de valoración

Para a selección dos traballos gañadores en cada modalidade teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

Na modalidade musical:

- Orixinalidade e creatividade do vídeo (25%)
- Número e diversidade de participantes (25%)
- Calidade e variedade instrumental (25%)





- Calidade e variedade vocal (25%)

Na modalidade gráfica:

- Transmisión dos valores da letra da canción "O noso canto" e do feminismo interxeneracional (50%)
- Orixinalidade e creatividade (25%)
- Calidade artística (25%)

7. Xurado

7.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, ou persoa en quen delegue
- Vicepresidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
- Vogalías: todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista; a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade e a xefa servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade; e unha profesional do eido da música con traxectoria destacada, designada pola presidencia do xurado.
- Secretaría: persoa funcionaria/o da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que actuará con voz pero sen voto.

7.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas e centros educativos participantes no concurso. A Dirección Xeral de Promoción da Igualdade fará chegar as obras ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras ata que se resolva o concurso.

7.3 Para que o xurado se constitúa e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría das persoas que o integran.

7.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e en caso de empate decidirá o voto da presidencia.

7.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

7.6 Comunicarase a todos os centros participantes o ditame do xurado a través do correo electrónico de contacto.

8. Premios





Concederanse os seguintes premios:

Na modalidade musical:

Os premios consistirán nun cheque regalo para o centro educativo para investir en instrumentos musicais e tecnoloxía de produción e reprodución musical e un lote de libros.

Haberá dous premios: o primeiro premio recibirá un cheque valorado en 1000€ e o segundo un cheque valorado en 750€.

Na modalidade gráfica:

Os premios consistirán nun cheque regalo para investir no comercio local en material didáctico, deportivo ou tecnolóxico, para cada un dos alumnos e alumnas integrantes do equipo gañador, así como un lote de libros para o centro.

Haberá dous premios por categoría. No primeiro premio os cheques serán por valor de 100€ e no segundo premio de 50€.

9. Entrega de premios

9.1 O xurado recoñecerá o valor das obras premiadas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizar o seu traballo, nun acto público que se celebrará no mes de abril e onde se fará entrega dos premios das dúas modalidades.

9.2 O lugar, a data e a hora comunicarase ao profesorado participante dos centros educativos que obteñan algún dos premios e faranse públicos na páxina web de Igualdade e no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

10. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

11. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

11.1 A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición das obras premiadas, así como o dereito a retirar todas as demais que non resultaron premiadas.

11.2 A Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos dos deseños ou das pezas audiovisuais.





11.3 En todo caso, sempre que se utilice algunha das obras premiadas, nela figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

11.4 Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente en materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantirase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme á normativa.

11.5 En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico igualdade@xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Directora xeral de Promoción da Igualdade
Judith Fernández Novoa	María Quintiana Pérez



ANEXO I

ENLACE PARA A DESCARGA DE LETRA, PARTITURA E VERSIÓN INSTRUMENTAL:

<https://amtegapbox.xunta.gal/index.php/s/xy68HxSfiC2Jjb7>

Hai dúas versións instrumentais, as dúas serán válidas. A única diferenza é que unha conta cunha introdución e a outra non.





ANEXO II

FICHA INFORMATIVA PARA ACOMPAÑAR AO TRABALLO

Modalidade na que participa:

Categoría na que participa (No caso de modalidade gráfica):

Nome e apelidos do alumnado autor (No caso de modalidade gráfica):

Etapas educativa e curso escolar:

Profesorado que titorizou a obra:

Nome do centro, enderezo completo, teléfono e correo electrónico:

Persoas de contacto, teléfono e correo electrónico:

Memoria breve que explique o significado do traballo:

